

Pontevedra / Sugar Mountain presenta esta noite na sala Estarlux o seu segundo álbum, *In the raw*

AZUCRE SEN REFINAR

DE ENTRE TODAS AS BANDAS QUE TEN PARIDO PONTEVEDRA, A QUE PROBABLEMENTE TEN OBTIDO UN MAIOR RECOÑECEMENTO (E CUN SÓ DISCO) É SUGAR MOUNTAIN. NO SEU NOVO TRABALLO DANLLE UNHA VOLTA AO SEU ROCK AMERICANO. AGORA SON TAN DOCES COMO CRUS.

Belén López

Preuntaban desde a revista *Rolling Stone* a finais de 2005 polo mellor do ano e o nome dos pontevedreses Sugar Mountain (Javier Ruano, José Salgado, Yago Carreño, Rubén Álvarez, Isaac Campos e Néstor Busquets) saía de máis dunha boca. Los Del-tonos e Los Suaves acordábanse do seu debut, *Hand crafted tunes*, e destacábano. O detalle é un dos moitos que dan conta da boa acollida que tivo o primeiro disco da banda, un traballo producido por Dan Baird, que só recibiu boas críticas e que pasaron con orgullo ata por un festival alemán. Porque todo lles foi a pedir de boca sorprende un pouco a aposta polo risco á hora de pensar nun segundo traballo. **"As novas cancións son máis**

directas", explica Carreño, **"máis crías, como di o título do disco".**

In the raw. Así se titula o segundo álbum de Sugar Mountain. Na carátula do disco sae a bolsiña de azucre que leva esa lenda 'Sugar in the raw', unha marca real. **"Reproducimos o nome e a imaxe así que tivemos que mandarlles o disco e as letras para que nos desen permiso. Todo moi americano. Alí hai que ter moito coidadiño con estas cousas. De feito, o que nos puxo sobre aviso foi alguén da nosa compañía nos Estados Unidos",** conta Ruano. Curiosamente o de 'Sugar in the raw' chegoulles case ao final do camiño. Cousas do destino. **"Xa tiñamos o disco feito cando un día, tomando unha hamburguesa, nos atopamos con ese azucre, que ademais leva unha lenda que vén a dicir algo así como 'azucre sen refinar para o entendedor'. Todo**

encababa á perfección".

Se para o seu primeiro disco os Sugar Mountain contaron con prestixioso produtor, Dan Baird, nesta ocasión depositaron a súa confianza noutro grande, Eric 'Roscoe' Ambel. **"Que el sexa alguén que traballa cun son moi cru, moi sinxelo, moi de directo, nótase moito no resultado final das cancións",** recoñecen os rapaces. Eles están especialmente contentos da experiencia ao seu lado. Nótase porque cando falan de 'Roscoe' fan con respecto. **"O seu estilo gustábanos moito. Pegaba co que buscábamos. Acostumados ao estilo de Dan, sorprendeunos un pouco, ao primeiro, o seu xeito de traballar. Pensabamos que fa estar máis enriba da banda e non. Tanto**

foi así que nos mosqueabamos coa súa actitude", confesan. **"Despois decatámonos de que esa é a súa maneira de traballar. É un tipo que fala pouco, que non di moitas cousas pero que cando abre a boca dá no cravo. Sempre que se mete é para algo importante. No demais, deixa á banda que faga o seu traballo".**

O de 'Roscoe', que ten traballado con xente como Steve Earle, non é o único talento co que contaron os Sugar Mountain para *In the raw.* O álbum mesturouse nos estudos Cowboy Technical Services por Greg Duffin (Wilco) e foi masterizado por Scott Hull (Bruce Springsteen, David Bowie, Steely Dan).

A proxección internacional de Sugar Mountain é cada vez maior. Desta vez editan o seu disco en España con Good Sounds e en Estados Unidos con Brewery Records. **"Os grupos poden chegar lonxe**



DISCO E DIRECTOS

Sugar Mountain

In the raw

GOOD SOUNDS, 2006

CONCERTOS:

Hoxe: Estarlux (Pontevedra)

23 horas, entrada libre

20 de outubro: Liceum (Porriño)

22 horas, 5 euros

por varias razóns: porque son bos, porque hai moitos cartos detrás...", din. **"Nós non nos plantexamos en principio nada máis que seguir divertíndonos facendo a música que nos gusta e ser cada vez mellores. Despois, segundo xurden as cuestións, ímonos enfrontando a elas".**

¿A que aspiran os Sugar Mountain? **"A vender discos, a ser recoñecidos, a chegar ao maior número posible de xente sen necesidade sen facer concesións".** Unha montaña de azucre sen refinar só para



Os rapaces máis doces de Pontevedra lánzanse á conquista dos Estados Unidos co seu segundo traballo.

JUGO DEL MEJOR INDIE ESPAÑOL

Sabrías definir el vuelo de un Mirage F1? ¿Cómo sería un disco de Sonic Youth con las guitarras de The Strokes y la actitud de The Hives? Todas estas preguntas llevan a Jugoplástica. Al menos, si se hace caso de la gente de su sello discográfico. La verdad es que, por donde quiera que han ido estos chicos presentando su música, han dejado buen sabor de

CONCIERTO

Austria+
Jugoplástica
Hoy
22.30 horas
Sala Karma
(Pontevedra)
3 euros

boca. En internet hay quien se refiere a ellos como lo mejor del indie español. La palabra mágica es Paco Loco. Él ha sido el encargo de grabar el estupendo disco debut de Pablo Navarro, Ramón Zarauza, Diego Raya y Marcos González. En él hay canciones tan buenas como 'B.S.O para un libro' o 'Fran Malone'. Hoy se podrán escuchar en directo en

Pontevedra. Será en la sala Karma y los encargados de telonearlos no los desmerecen en absoluto. Porque si Jugoplástica ha conquistado a un montón de jurados de certámenes musicales, los pontevedreses Austria non son menos. Este mismo año han sido finalistas en algunos de los concursos más importantes de España, como el del FIB o el del Contempopránea.■



Gritones, jugosos y plásticos.